



CONCELLOS

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro do 2025 acordou aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva a favor do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) da finca seguinte: 11 m2 do camiño público con referencia catastral 27031A031090320000YU, identificado co número de orde Y-27.0312-0306 dentro do expediente de expropiacións para a execución das obras de "Proyecto básico de nuevas necesidades para la reposición de servicios afectados y modificaciones de los proyectos del tramo Monforte-Lugo de la línea 800".

Sométese o expediente a información pública, por un prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Monforte de Lemos, 2 de outubro de 2025.- A 1º tenente alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2724

QUIROGA

Anuncio

Logo de aprobar por resolución de Alcaldía de data 02.10.2025 as bases e a convocatoria para cubrir un posto de terapeuta ocupacional en réxime laboral temporal no Concello de Quiroga, mediante sistema de concurso-oposición, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 7 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA:

Por resolución de Alcaldía de data 02.10.2025 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a contratación de un/ha terapeuta ocupacional para o Concello de Quiroga, mediante sistema de concurso-oposición.

As bases íntegras da presente convocatoria fican publicadas na sede electrónica do Concello de Quiroga.

O prazo de presentación das solicitudes será de sete días hábiles a contar desde o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello: www.concellodequiroga.com, e no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra as presentes bases, que pon fin a vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello de Quiroga de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015. de 1 de outubro, do procedemento Administrativo común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou , á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quiroga, 2 de outubro de 2025.- O alcalde, José Luís Rivera Castro.

R. 2725

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Aprobados por Decretos da Alcaldía de datas 17 de setembro e 1 de outubro de 2025, os padróns do SAF do mes de agosto e do 2º Trimestre de 2025 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 2 de outubro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 2726

O SAVIÑAO*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0331, de data 29 de setembro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de agosto de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 29 de setembro de 2025.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2718

O VICEDO

Anuncio

Apertura de prazo para a presentación de solicitudes para Xuíz/a de Paz Titular do municipio do Vicedo.

Aquelas persoas que reunisen as condicións legais establecidas na Lei 6/1985, do 1 de xullo, Orgánica do Poder Xudicial, poderán presentar solicitude para a provisión do posto de Xuíz/a de Paz Titular.

Á solicitude, que será facilitada nas oficinas municipais, achegarase a documentación seguinte:

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo segundo da Lei 68/1980.
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.
- A solicitude e documentación mencionadas deberán ser presentadas no rexistro xeral do Concello do Vicedo, durante o prazo de QUINCE DIAS hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 1 de outubro de 2025.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2719

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2025 prestou aprobación ás bases reguladoras para a convocatoria de axudas de transporte ó alumnado do Concello do Vicedo que realiza estudos fóra do termo municipal (curso 2024-2025). De conformidade co establecido no artigo 9 da ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello do Vicedo, procédese á súa íntegra publicación no BOP de Lugo.

“Bases reguladoras para a convocatoria de axudas de transporte ó alumnado do Concello do Vicedo que realiza estudos fóra do termo municipal (curso académico 2024-2025).-

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2024-2025.

2. BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles xoves do Concello do Vicedo que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grado medio ou superior, graos universitarios, os dous últimos anos de conservatorio no seu grado profesional, (incompatible coa matrícula en calquera modalidade de bacharelato), e todas aquelas especialidades pertencentes ás ensinanzas artísticas superiores segundo establece a resolución do 23 de decembro de 2021, másteres, teses ou doutorados universitarios, exceptuando os realizados na modalidade de formación a distancia ou on-line.

3. REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

- 1) Estar empadroado e residir no Concello do Vicedo, o beneficiario, o seu pai ou nai, e, no seu caso, o seu titor, con seis meses de anterioridade á data de solicitude.
- 2) Figurar matriculado no curso académico 2024 - 2025 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.
- 3) Tendo en conta que desde 2021 todos os menores de 21 anos poden utilizar a tarxeta nova da Xunta de Galicia, que sufraga os gastos xerados polo transporte público durante o curso escolar, o alumnado de BAC E FP que dispoña de autobús coincidente cos horarios lectivos dos centros educativos nos que estiveran matriculados no curso 2024-2025 non terán dereito a estas axudas do concello de O Vicedo.

O alumnado de BAC E FP menor de 21 anos que acrediten a incompatibilidade do horario lectivo co horario de transporte público, terán dereito á axuda, así como aqueles que estean matriculados en centros fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

4) O resto de alumnado menor de 21 anos reflectido no punto 2 que se encontren matriculados nas Facultades da Coruña, Santiago e Lugo, aboaráselles o desprazamento hasta o lugar onde teñen dispoñible o enlace co transporte público que os leva a estas cidades.

O resto de alumnado menor de 21 anos reflectido no punto 2 que acrediten incompatibilidade de horario lectivo co horario de transporte público, terán dereito á axuda, así como aqueles que estean matriculados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

5) Aqueles estudantes que cumprisen os 21 anos e se viran excluídos durante o curso 2024-2025 do ámbito da “tarxeta xente nova”, concederáselle a parte proporcional da axuda polos meses do curso que se viran excluídos (considerase que o curso vai dende setembro a xullo).

4. TIPO DE AXUDAS

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/a, segundo quilometraxe no que estea incluído. A cantidade concedida será aprobada posteriormente en Xunta de Goberno Local con arranxo ós seguintes criterios:

- De 1 qm. a 15 qm.....	120 euros
- De 16 qm. a 50 qm.....	150 euros
- De 51 qm. a 100 qm.....	200 euros
- De 101 qm. a 150 qm	250 euros
- De 151 qm. a 200 qm.....	300 euros
- De máis de 201 qm.....	350 euros

As axudas financiaranse con cargo á partida 326.479 do presuposto municipal aprobado para o ano 2025.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído ós interesados que así o desexen no rexistro xeral do Concello do Vicedo.

As solicitudes e demais documentación correspondente serán presentadas no rexistro xeral de entrada do Concello do Vicedo, dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

- 1) Solicitude debidamente cumprimentada e asinada polo interesado (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor)
- 2) Fotocopia do DNI do/a solicitante, debidamente cotexada coa súa orixinal.
- 3) Certificación bancaria da conta corrente do interesado, no seu caso.
- 4) Para os menores de 21 anos, se é o caso, declaración xurada de incompatibilidade de horario do transporte co centro de estudos.

Xustificación para o cobro da axuda.-

A documentación a aportar será a seguinte:

1.- Para as/os alumnas/os universitarios:

- 1) Fotocopia de matrícula cotexada co seu orixinal.
- 2) Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado alo menos ó 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2024/2025.

2.- Para as/os alumnas/os de bacharelato ou formación profesional.

- 1) Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ó 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2024/2025.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no rexistro xeral do Concello do Vicedo.

O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda é de 30 días naturais, que se computarán a partir do día seguinte ó da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

7. PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello do Vicedo.

8. INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira Delegada de educación. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ó parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

9. COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta polo Alcalde - Presidente da Corporación municipal, como Presidente, como Vogais, a Traballadora Social, a Concelleira delegada de asuntos sociais e o Encargado da Casa de Cultura, actuando como Secretario, o Secretario - Interventor da Corporación.

A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión das axudas á Xunta de Goberno Local a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

10. RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello do Vicedo. A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das axudas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución."

O Vicedo, 1 de outubro de 2025.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2720

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), exponse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, a *modificación das "ordenanzas fiscais números 11 e 16, reguladoras respectivamente das taxas da rede de sumidoiros e pola prestación do servizo de subministración de auga*, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día 25/09/2025, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 26 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2721

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - CERVO

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ANPAS, CEIPS E IES SIN ÁNIMO DE LUCRO AÑO 2025 DO CONCELLO DE CERVO

BDNS (Identif.): 859954

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/859954>)

Primeiro. Beneficiarios.

ANPAS, CEIPS e IES que se atopen en activo no prazo de presentación das solicitudes, e pertencentes ao Concello de Cervo.

Segundo. Obxecto.

Axudas económicas para o financiamento de:

a) Gastos correntes derivados da realización de proxectos para fomentar as actividades educativas, recreativas, culturais e calquera outra actividade que realicen os beneficiarios sempre que sexan dirixidas á colectividade escolar.

b) Gastos xerais de funcionamento, conservación, mantemento ou reparacións menores da entidade, que non teñan o carácter de investimento.

Terceiro. Contía da axuda.

Crédito total 7.500 €, máximo 1.250 € por cada axuda.

Cuarto. Prazo de presentación de solicitudes.

Dez días contados a partir do día seguinte á publicación deste extracto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 30 de setembro de 2025.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, Dolores García Caramés.

R. 2722